




AS BORREAS DE CALDESIÑOS

Adela Leiro, Mon Daporta
marzo 2026



Distancia: 2 km (ida e volta)
Dificultade: baixa

As Borreas de Caldesiños en Viana do Bolo son un dos moitos de restos romanos en Galiza. Tamén recibe o nome de As Telleiras, xa que serviu para extraer arxila para fabricar tellas na década de 1960.

O nome da mina ten o seu orixe na palabra “borra” (lat. burra), sinónimo de sedimento ou residuo, en referencia ao material sobrante da mina.




Atópase preto do río Camba e ocupa unhas 17 hectáreas.

Na actualidade consérvanse algunhas moreas de terra e arxilas e unha grande parte do espazo está ocupado por rebolos e mato. Nas proximidades atópanse soutos con castiñeiros moi antigos



PERCORRIDO

Podemos ir desde Viana do Bolo ou desde a estrada que parte da Gudiña ata O Barco. Hai un aparcadoiro na parte baixa, xunto ao río e desde a alí podemos percorrer a zona ao noso gusto. Hai miradoiros con sinalizacións e paneis explicativos que axudan a comprender o que temos diante. De volta da ruta podemos achegarnos a Caldesiños para coñecer varios castiñeiros monumentais



O OURO

O ouro galego aparece nunha banda de terreo que atravesa parte de Portugal, Ourense, Lugo, León e Asturias en filóns de seixo aurífero ceibe ou asociado a piritas (Corcoesto, Vilarcovo, Zas, Covas, O Irixo, Maside, Brués, O Rosal, O Courel, Carballo, Abegondo...). Os materiais destas formacións erosionados e arrastrados pola auga pasaron a formar parte dos sedimentos dos ríos (placeres) en forma de pepitas, en pó ou en escamas en proporcións de entre 1 e 10 gramos por tonelada. Os placeres máis coñecidos son os dos ríos Sil, Miño, Lor, Camba e Bibei.

A existencia de ouro en Galiza era coñecida polos fenicios, pero foron os romanos os que lle tiraron o maior proveito. Plinio cita na súa historia que no século I os romanos explotaron ata 500 minas no Noroeste das que levaban a Roma 7 toneladas de ouro anuais.

Explotaban xacementos aluviais mediante o lavado e bateo de sedimentos (Cuncas do Sil, Miño, Bibei...), xacementos filonianos con excavacións a ceo aberto ou galerías (Corcoesto, Courel, Carballiño...) e as terrazas aluviais polo método de “ruína montium” (Viana do Bolo, Montefurado...). Para realizar estas extraccións facían grandes obras e movían enormes cantidades de terra.

Antes da romanización a explotación do ouro era realizada polos antigos habitantes mediante o bateo nas ribeiras dos ríos.





Casco de ouro de Leiro (Rianxo). Museo Arqueolóxico da Coruña.

RUINA MONTIUM

É a técnica de minería que combina a construción de pozos e galerías subterráneas co uso de auga para derrubar grandes masas de terreo aurífero.

Unha vez na mina a auga era utilizada para esborrallar a fronte de explotación mediante pozos verticais e galerías horizontais pola que a auga almacenada nos depósitos entraba en tromba.

O terreo (conglomerado e arxila) desfacíase utilizando chorros de auga nas canles de lavado e decantación (agogas).





Castiñeiros de Caldesiños

